



Ilmo Concello de
CAMBADOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 30 DE ABRIL DO ANO 2015


No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinte e unha horas, do día trinta de abril do ano douce mil quince, e co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar dos asuntos da orde do día incluídos na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luís Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros D. José Juan Cores Chaves, D^a Candelaria Martínez Eiras, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D. Eulogio Pomares Botana, D^a Ana Isabel Oubiña Santos, D^a María Isabel Varela Piñeiro, D^a Mónica Brea Troncoso, D. Ricardo Quintáns Cores, D. Victor M. Caamaño Rivas, D^a María Josefa Cacabelos Domínguez, D^a M^r Teresa Prado Cores D^a Fátima Abal Roma, D^a Milagros Martínez Piñeiro e D^a Regina Núñez Mosteiro. Non asiste o concelleiro D. Rodrigo Rey Vázquez. Actúa como Secretario D. Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia.

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26.02.2015.- Aberta a sesión, pola Presidencia pregúntase ós señores concelleiros se teñen algunha obxección que formular á acta da sesión celebrada o día 26.02.2015, e non producíndose ningunha, a Corporación Municipal por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.-

2º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBATORIA DA LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE Ó ORZAMENTO DE 2014 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.- Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía: "Confeccionada a Liquidación correspondente ó Presuposto do 2014, en base ás obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeitas no último día do exercicio, ós dereitos pendentes de cobro e ós fondos líquidos a 31 de decembro de dito ano, cos que se cuantifica o Remanente total de Tesourería en dita data.= Visto que con data 16/02/2015 foi emitido informe de Intervención, de conformidade co disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004 de 5 de marzo; e correspondéndolle a esta Presidencia a súa aprobación a tenor do establecido no mencionado precepto, pola presente teño a ben RESOLVER:= 1º.- Aprobala Liquidación correspondente ó exercicio económico do 2014, da que se desprende o seguinte resumo:

Concepto	Importe (€)
1. Dereitos líquidos pendentes de cobro a 31.12.2014	1.284.826,36
2. Fondos líquidos na Tesourería a 31.12.2014	826.631,76
3. Obrigas recoñecidas pendentes de pago a 31.12.2014	1.133.411,06
I. Remanente total de Tesourería (1+2-3)	978.047,06
II. Saldos de dubioso cobro	231.969,42
III. Remanente de Tesourería afectado a Gastos con Financiamento Afectado	288.646,80
IV. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III)	457.430,84

2º.- En cumprimento do disposto polo artigo 193.4 do TRLRFL, darase conta de dita Resolución ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre.= 3º.- Asemade, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de Estabilidade Presupostaria, darase conta ó Pleno do informe de Intervención sobre a evaluación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.= Dáse conta tamén do informe de Intervención que, en síntese di o seguinte: "... Con base ás determinacións do SEC 95, a capacidade de financiamento en termos de estabilidade se cumplirá, cando o endebedamento previsto non supere a amortización de capital prevista, isto é, o capítulo 9 de gastos ten que ser maior ou igual que o capítulo 9 de ingresos. O que se traduce en que, para cumplir co principio de estabilidade, a entidade non pode endebedarse por importe superior ou igual ó capital que amortice.=





Unio Concello de
CAMBADOS

Obrigas recoñecidas capítulo 9 de gastos (amortización de préstamos) = 486.800,54.= Dereitos recoñecidos capítulo 9 de ingresos (préstamos) = 0,00.= Dende esta perspectiva o principio de estabilidade cúmprese.= A ecuación complementaria da indicada, é a que exixe que os ingresos non financeiros sexan suficientes para atender os gastos financeiros, isto é, o importe dos capítulos 1 a 7 de ingresos ten que se igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 de ingresos ten que ser igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 de gastos.= Ademais, e de conformidade co Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións locais, publicado pola IXAE deben practicarse os seguintes axustes: * O importe dos capítulos 1 a 3 do Orzamento de ingresos son os dereitos recadados e non os dereitos recoñecidos netos.= Os gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ó Presuposto ("conta 413") constitúen un maior déficit.= Capítulo 1 a 7 de ingresos: 9.362.729,15.= Capítulo 1 a 7 de gastos: 8.566.899,63 + 136.059,41.= Diferenza: 659.770,00.= Dende este punto de vista tamén cúmprese co principio de estabilidade orzamentaria.

O Sr. Alcalde di que da información facilitada pola Intervención Municipal recóllese que existe un remanente de tesourería para gastos xerais de 457.430,84 €, e que os pagos están ao día.= Que, por outra banda, o Ministerio de Facenda tamén recolle nos seus datos que este Concello é un dos Concellos do Salnés que antes paga aos seus proveedores, cunha media de 12 días fronte a outros como Meis (70 días), Vilanova (60 días), O Grove (45 días) ou Sanxenxo (36 días), sendo tamén un dos máis saneados e dos menos endebedados da comarca e da provincia de Pontevedra, reflectíndose en definitiva que a saúde económica é boa, e isto vense repetindo nos últimos anos a pesar das dificultades impostas pola recesión económica; elo débese en gran medida ao rigor e á responsabilidade coas que se está xestionando o municipio por parte do grupo de goberno, sendo un dos obxectivos fixados o de establecer criterios acordes coas necesidades económicas, sen gastar máis do que se ingresa, e que unha política económica eficaz.= Segue a dicir que unha política económica eficaz non é incompatible con inversíóns importantes se se conta coa colaboración doutras administracións como é o caso do Centro de Día, o saneamento do Saco de Fefiñáns, a nova Praza de Abastos ou a renovación do pavillón do IES Ramón Cabanillas ou o Campo de Fútbol de O Pombal, por citar algúnh delas.= Di tamén que se seguen a realizar rehabilitacións de rúas dentro do ámbito do conxunto histórico, que se mercaron terreos como os da área recreativa que se vai a iniciar en breve en Castrelo, e que o Concello continúa coa promoción turística a nivel nacional e internacional, ademais de manter o potencial da Festa do Albariño que, para o goberno local, segue sendo unha inversión fundamental para o sector vitivinícola e para a promoción de Cambados de cara ao exterior; e que, pese á reducción dos presupostos nos últimos anos, as arcas municipais seguen incrementando en cada exercicio económico as partidas destinadas a servizos sociais, unha prioridade na política local de apoio ás familias con máis dificultades; así, a partida de axuda no fogar pasou de 130.000€ no 2011 a 210.000€ neste ano; o fondo de emerxencia social subiu de 10.000€ a 25.000€ en tres anos e as axudas ao estudio que no ano pasado eran de 7.000€ no corrente exercicio incrementaronse ata os 12.000€.


Toma a palabra a Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma, para manifestar que non está de acordo con esas manifestacións pois o Concello segue endebedado, hai máis de 1.600 parados, non se invierte nada en fomento do emprego e a débeda viva é de case tres millóns de euros.

O Sr. Alcalde explícale que esa situación era a 31 de decembro pero que neste momento a está todo pagado, e no relativo á débeda viva, Cambados segue a ser un dos máis saneados.

Intervén seguidamente o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para dicir que dado que o remanente é positivo, ben se podían dar as axudas ao estudio ás familias que non as cobraron.

Polo Sr. Alcalde contéstaselle que o Concello de Cambados é o que máis dñeiro destina a áxudas escolares e que hai que buscar un equilibrio entre tódalas cousas.

Intervén Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma para dicir que quedaron catrocentas familias sen axuda, contestándoselle polo Sr. Alcalde que se establece unha partida orzamentaria para dito concepto





antes de abrir o prazo de presentación de solicitudes, e o reparto faise en función duns criterios que se establecen dende Servizos Sociais.

Replícaselle pola Sra. Portavoz do P.S.deG.-PSOE que nas bases non se dicía nada de certos casos, contestándose polo Sr. Alcalde que moitos foron valorados polos Servizos Sociais e déronse axudas vía emerxencia social, lembrando tamén que o orzamento municipal é limitado.

O Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas di que o certo é que moitas familias quedaron sen axudas e ó existir remanente de crédito debería terse aplicado a esa finalidade.

Rematadas as intervencións, a Corporación, por unanimidade acorda darse por enterada da Resolución da Alcaldía aprobatoria da Liquidación correspondente ó Orzamento de 2014 e do informe da Intervención sobre estabilidade orzamentaria.

3º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CESIÓN GRATUITA Á ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DE CAMBADOS DUNHA PARCELA NO LUGAR DE REFOXOS PARA ACTIVIDADES LÚDICO-DEPORTIVAS CON ANIMAIS.- Dase conta da seguinte Proposta da Alcaldía, informada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, en sesión celebrada o día 29.04.2015: "Visto que en data 22 de abril de 2015 foi emitida providencia de Alcaldía en relación co expediente relativo á cesión da finca sita no lugar de Refoxos s.n. a favor da Asociación Protectora de Animais de Cambados, en base á memoria descriptiva e planos adxuntos.= Visto que con data 23 de abril de 2015 foi emitido informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así como informe dos Servizos Técnicos en relación cas características do ben inmóvel a ceder.= Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno, por maioría absoluta do número legal dos seus membros, en virtude do artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 9 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do artigo 215.3.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na súa consecuencia, se interesa da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio que ditaminando o asunto en sentido favorable lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:=
PRIMEIRO. Iniciar expediente para ceder gratuitamente a finca sita no lugar de Refoxos s.n., por detrás do actual refuxio, a favor da Asociación Protectora de Animais de Cambados. = **SEGUNDO.** Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes. = **TERCEIRO.** Remitir o expediente para o seu coñecemento á Consellería competente en materia de Administración Local."


Toma a palabra a palabra a Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma para manifestar que segundo os informes de Secretaría e do Arquitecto Técnico Municipal non existe inconveniente na cesión gratuita, e toda vez que lles parece un proxecto interesante e innovador van apoiar a iniciativa.

Polo Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas maniféstase que xa tiveron reunión coa Presidenta da Protectora na que lles presentou o proxecto e parecéndolle innovador e interesante, tamén van apoiar a proposta.

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde para dicir que xa fai moitos anos creouse a Asociación Protectora de Animais e o Concello cedeulle as instalacións para que puideran levar a cabo as súas actividades, prestándose sempre a máxima colaboración, que a iniciativa foi un éxito e agora este novo proxecto resulta altamente interesante tendo en conta que o Concello de Cambados é ademáis zona turística e dotalo dos máximos servizos posibles redundará en beneficio de todos, razón pola que interesan se leva a cabo esta cesión.

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

1º.- Iniciar expediente para ceder gratuitamente a finca sita no lugar de Refoxos s.n., por detrás do actual refuxio, a favor da Asociación Protectora de Animais de Cambados.





Ilmo Concello de
CAMBADOS

2º.- Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Remitir o expediente para o seu coñecemento á Consellería competente en materia de Administración Local.

4º e 5º.- MOCIÓN DO B.N.G., RELATIVA Á NECESIDADE DE DOTAR Á COMARCA DO SALNÉS DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA DE XEITO PERMANENTE.- MOCIÓN DO P.S.DEG.-PSOE, PARA QUE POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA SE DOTE Á COMARCA DO SALNÉS DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA EQUIPADA DO

PERSOAL E DOS RECURSOS MATERIAIS NECESARIOS.- Téndose presentado sendas mociones polo mesmo asunto por parte dos Portavoces dos Grupos Municipais da oposición, e interesándose a súa tramitación conxunta é polo que, dase conta da seguinte moción, presentada polo Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, con data 21.03.2015 (R.E. nº 2015/11730): “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.- As urxencias sanitarias que se produznan na comarca do Salnés no ámbito extrahospitalario nos concellos de Sanxenxo, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa , Vilagarcía de Arousa e Ribadumia só contan con catro ambulancias asistenciais de deporte vital básico, que só vcontan cunha persoa que conduce o vehículo e un/unha técnico-auxiliar. Estas ambulancias teñen as súas bases en O Grove, Sanxenxo, Vilagarcía e Cambados.= A Comarca do Salnés está por debaixo da ratio recomendada pola OMS (Organización Mundial da Saúde) que recomenda a existencia dunha ambulancia de “Soporte Vital Básico” por cada 25.000 habitantes, estamos a ver como a día de hoxe na comarca do Salnés as ratios de atención superan as recomendacións.= Na atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendible que unha comarca tan ampla e con tanta poboación como a do Salnés teña un hospital que non está dotado con UCI e non conte con ningunha ambulancia medicalizada (Soporte Vital Avanzado) é dicir dotada cun equipo humano composto por un/unha médico e persoal de enfermería especializado na atención sanitaria en situación de emerxencias e dous técnicos en transporte sanitario urxente, algo claramente necesario tendo en conta ademais da súa poboación o alto índice de sinistros que se rexistran.= O persoal que presta os seus servizos nas ambulancias do 061 no Salnés veñen de denunciar que están a prestar os servizos propios dunha ambulancia medicalizada con ambulancias convencionais ou asistenciais, que, o ben son “medicalizadas” indoa buscar o persoal médico e de enfermería aos centros de saúde ou “Pacs”, co cal se perde un tempo vital, ademais de deixar desatendidos estes centros, ou proceder ás chamadas transferencias en ruta, consistentes en saír ao encontró da ambulancia medicalizada, que ten base en Pontevedra, e proceder a medio camino a trasvasar @s doentes dunha ambulancia a outra no medio da rúa ou en gasolineiras, cando non ter que seguir cara ao centro hospitalario por atoparse esta ocupada.= É evidente que os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías de extrema gravidade, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo nin de enfermería durante os trasladados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia medicalizada nin ter UCI o Hospital do Salnés.= Dende finais do mes de novembro a Xunta de Galicia abriu o prazo para o novo concurso de transporte Sanitario Urxente na Galiza, que non contempla a dotación de ambulancia medicalizada para o Salnés, e que ademais está sendo aproveitado o mesmo para reducir e precarizar este servizo público e primar o negocio fronte ao servizo. Un negocio, que máis unha vez, como xa fixo na adxudicación do Hospital do Salnés, o Partido Popular prima ás grandes empresas de fora de Galiza.= O PP ten demostrado sobradamente que a súa folla de ruta é a de privatizar e recortar cada vez máis nestes servizos públicos, coa única finalidade de que as empresas adxudicatarias obtengan os seus beneficios, ainda a conta de precarizar na atención e servizos ás persoas.= Frente a isto denese o BNG entendendo que é preciso reclamar un servizo tan necesario, e que atenda e teña como principal obxectivo o de servir e velar pola saúde de toda a poboación do Salnés cunha ambulancia





Ilmo Concello de
CAMBADOS

medicalizada, imprescindible para non seguir a poñer en risco a saúde e vida d@as veciñ@s da comarca.= Por todo isto, dende o grupo municipal do BNG solicitamos do pleno da corporación de Cambados o apoio ao seguinte ACORDO:= Instar ao Goberno galego a dotar á comarca do Salnés cun servizo permanente, todo o ano e as 24 horas, de cómo mínimo unha ambulancia medicalizada (Soporte Vital Avanzado), é dicir dotada permanentemente cun equipo humano composto por un/unha médico e persoal de enfermería especializado na atención sanitaria en situacións de emergencias e dous /dúas técnic@s en transporte sanitario urxente".= Dase conta seguidamente da moción presentada pola Portavoz do P.SD.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma, con data 26.03.2015 (R.E. nº 2015/1823):= "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.= A Comarca do Salnés ten unha poboación estable de 160.000 habitantes que, nos meses de verán, se multiplican por dous ou por tres nalgunhas das datas festivas. Ademais dunha extensión de 275 quilómetros cadrados.= Esta poboación é atendida no caso de necesitar ingreso hospitalario en tres ou catro hospitais públicos no Salnés, en Pontevedra, en Vigo ou en Santiago dependendo da patoloxía a tratar.= Sinalar que no que teñen máis próximo, na propia comarca, o Hospital Comarcal do Salnés se carece de Unidade de Coidados Intensivos.= Ademais non só estamos a falar dunha zona moi poboada, senón tamén dunha zona moi viva con ampla actividade industrial e económica e con abondoso e continuo movemento, tanto de persoas como de mercancías, polo que potencialmente poden producirse graves accidentes en calquera momento.= Pois ben, no Salnés, se carece tamén dunha ambulancia medicalizada que permita atender esas potenciais urxencias vitais con garantías ao estar dotada do persoal e dos medios materiais adecuados, para elo a pesar de que o recomendable é unha cada 80.000 habitantes.= Lamentablemente xa se ten presentado e ata denunciado, públicamente, máis dunha situación urxente que por carecer destes recursos non foi atendida coas garantías que a gravidade esixía con consecuencias moi tristes que non deben repetirse.= Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.= O Concello de Cambados insta a Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, dote á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada equipada do persoal e dos recursos materiais necesarios".


Toma a palabra o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para decir que esta moción foi presentada noutros sitios e houbo disparidade de opinión, toda vez que nun resolveuse a favor e noutros en contra.= Que se trata dunha moción realizada por técnicos auxiliares ó non existir ningunha ambulancia medicalizada, e que por número de habitantes, o Salnés necesitaría a lo menos unha, e o seu grupo lle parece que é necesaria, non encontrando ningún aspecto negativo, polo que coida que todos sairían gañando, e o que lle resulta decepcionante é que o Parlamento galego non votara a favor maioritariamente, xa que o P.P. votou en contra.

Pola súa parte a Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sra. Abal Roma di que o seu punto de vista é moi similar ó do B.N.G. e que as persoas que traballan neste sector son os que mellor coñecen este tema e puxéronnos ao corrente do que está pasando.= Que toda vez que as dúas mocións piden o mesmo é polo que solicitaron que se voten conxuntamente e o único que piden é que sexa antes do día 31 de maio.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo tamén considera que é necesaria esta ambulancia medicalizada se ven lamente que non se levara a cabo cando o BNG e o PSdeG-PSOE estiveron goberlando na Xunta, replicándoselle pola Portavoz do P.S.deG-PSOE que o goberno bipartito estivo a punto de facelo pero que, coa chegada do P.P. a Xunta non o fixo.

Pola súa parte o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas dí que o seu grupo négase a entrar en tempos pasados, que se lle está a pedir agora e pensan que debe atenderse a solicitude da cidadanía toda vez que é razonable aceptala.

Repetidas as intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda instar ao Goberno da Xunta de Galicia para que, de xeito inmediato e de forma permanente, todo o ano e as 24 horas do día, dote á Comarca do Salnés unha ambulancia medicalizada como mínimo, cun equipo humano composto por un/unha médico e persoal de enfermería especializado na atención sanitaria en situacións de emergencias e dous/dúas técnic@s en transporte sanitario urxente.





Un Concello de
CAMBADOS

6º.- MOCIÓN DO B.N.G., A PROL DO MANTEMENTO DE GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.

Toma a palabra o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para dicir que retiran a moción toda vez que o Goberno ven de anunciar que a medida non se vai a levar a efecto, aínda que coida podería ter relación coas citas electorais previstas.

7º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADA POLA ALCALDÍA.- Fáise constar que xa se lle entregou a cada Portavoz dos Grupos Políticos, senllas fotocopias das resoluciós dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, xunto coa restante documentación dos asuntos incluídos na orde do día do Pleno, dándose a Corporación Municipal por enterada.

8º.- CONTESTACIÓN A PREGUNTAS FORMULADAS.-

CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLO PORTAVOZ DO B.N.G., en escrito de data 17.03.2015 (R.E. nº 2015/1628), en relación cun suceso acontecido o referido día na zona de Tragove, con motivo do rescate dun can que quedou illado nunhas pedras ao ser sorprendido pola preamar:

1.- É certo que o grupo de Protección Civil de Cambados carece do material adecuado para realizar unha operación tan sinxela como a descrita no escrito?.= Resposta.- Segundo os membros de Protección Civil, eso non é certo e contan con medios suficientes.

2.- Ante esa situación, que pensa o goberno municipal que ocorrería se a quen houbese que salvar, fora un neno ou un ancián? Deixaríanse abandonados á súa sorte pola falta de previsión á hora de contar cos medios adecuados?= Resposta.- Existen medios.

3.- Pensa a Alcaldía interesarse por este tema para tratar de solucionar, na medida do posible, a carencia de medios de Protección Civil que pon en perigo a seguridade de veciños e veciñas, así como dos visitantes ao noso pobo?= Resposta.- Xa se interesou.

CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG.-PSOE, en escrito de data 22.04.2015 (R.E. nº 2015/2478):

1.- Respecto ó arranxo das pistas de Atletismo de O Pombal, cando se estima que van a estar totalmente aptas para o seu uso?= Resposta.- Para o verán.

2.- Vaise adecentar o Campo de fútbol do Pombal que está na parte de atrás para que sexa oficial nas competicións que disputen os equipos do clube?. Cómo se vai protexer ós árbitros cando saian dos vestiarios ó terreo de xogo?. Vanse colocar as barreras por encima das pistas de Atletismo?= Resposta: Se se así o pide o Club Juventud de Cambados.= Segundo establezca a Federación de Fútbol.= Non.

3.- Vanse colocar no campo de atrás redes para que os balóns non saian por fora?= Resposta.- Si.

4.- Vaiselle dar solución ó Campo de fútbol do Pombal que se está a facer de novo, para que non se inunde cando chove?= Se a resposta é afirmativa, Cal é a solución?. Vaise facer unha subida do centro coas baixadas cara os laterais ou vai quedar inclinado só cara un lado como está agora?= Se a resposta é negativa, Vaise colocar o céspede a pesar dos charcos e de que está o campo anegado? É tanta a presa pola inauguración que non importa que quede mal feito?= Resposta.- Si, en eso están traballando os técnicos.

5.- Vanse arranxar os problemas de iluminación no Campo novo xa que as torres dos focos están demasiado baixas?= Resposta.- Si.

6.- Por que non se habilita unha cafetería para a explotación do clube dentro do propio campo e con vistas a este para que poida autofinanciarse?= Resposta.- Habería que estudiarse a nivel técnico e legal.

CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG.-PSOE., en escrito de data 22.04.2015 (R.E. nº 2015/2479), en relación coa parroquia de Vilariño:





Ilmo Concello de
CAMBADOS

2.- Por qué os camiños están sen limpar provocando que as augas pluviais deborden?. Por exemplo, no camino Ferreira – Con da Moura quedaron de pasar unha pala, cal é o motivo de que non se cumprira coa palabra dada?. Nos camiños de As Quintáns ademáis, non hai cunetas, para cando, xa que se lle levan prometidas ós veciños xa hai anos?.= Resposta.- Os recursos humanos e materiais do Concello son limitados e estase a facer na medidas das posibilidades en todo o término municipal.

3.- Que pasa coas luminarias? Por qué a pesares de avisar os veciños en repetidas ocasións non se arranxan? Poñemos por exemplo a zona entre Horsal e o Pardiño, e na Rúa do Castro.= Resposta.- Si se están a arranxar.

4.- No pleno anterior, contestóusenos que os contenedores do lixo se limpan cada tres meses pola empresa concesionaria, cómo é posible que nesta parroquia os veciños e veciñas afirmen que como moito ven que se limpen unha vez o ano, cos incómodos e antihixiénicos cheiros e proliferación de insectos que suponen? Vaise instar á empresa para que compra o servizo polo que se paga? Qué é o que pasa co contenedor da Rúa Carballás que xa hai máis dun ano que se solicitou pleno tras pleno?= Resposta.- Pedironse explicacións á empresa. Con respecto ó contenedor, os responsables de obras e servizos informan que esa zona ten cuberto o servizo.

6.- Consideramos que o patrimonio desta parroquia merece unha especial protección, Por qué os lavadoiros e as fontes se deixan deteriorar ata o punto de que convirtan en ruínas?. Destacar o estado do lavadoiro de O Pardiño o de Sameiro e os tellados dos lavadoiros que esán en moi mal estado.= Resposta.- Iso non é certo.

7.- Os veciños e veciñas de Vilariño hai un ano que comezaron os trámites para a construción dun baño nas inmediacións da Igrexa Parroquial, teñen pendente a resposta do permiso de patrimonio, que se sabe sobre este asunto?. Vaise facer algo para consultar por qué motivo se está a retrasar tanto este trámite?= Resposta.- Xa se fixeron xestións, está pendente de entrar en Comisión de Patrimonio da Xunta en Santiago, e o retraso é pola acumulación de asunto pendentes.

CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG.-PSOE, en escrito de data 22.04.2015 (R.E. nº 2015/2480):

1.- Os veciños e veciñas da parroquia de Oubiña, a pesar de pagar os seus impostos como o resto, senten un abandono por parte do equipo de goberno en canto a servizos e atención, acaso neste pobo non todos os cidadáns son iguais?= Resposta.- Sinto que vostede teña esa percepción, pero non creo que sexa esa a que teñan os veciños e veciñas de Oubiña.

2.- Por qué a limpeza das beirarrúas, cunetas e arquetas se fai tan espaciada no tempo, chegando a superar períodos de máis de 6 meses? Acaso non hai persoal encargado de ir pola parroquia a comprobar que as rúas se anegan de auga ó chover por estar as arquetas sen limpar? Que incluso as herbas nas beirarrúas chegan a acadar unha altura de máis dun metro?= Resposta.- Os recursos humanos e materiais do Concello son limitados e estase a facer na medidas das posibilidades en todo o término municipal.

3.- Non se considera que é necesario reparar as luminarias avariadas? Non se paga un servizo de mantemento? Por qué hai varias luminarias fundidas cos conseguintes problemas de seguridade que supoñen?= Resposta.- Por suposto que sí, por eso hai un servizo de mantemento.

4.- No pleno anterior, contestóusenos que os contenedores do lixo se limpan cada tres meses pola empresa concesionaria, cómo é posible que nesta parroquia os veciños e veciñas afirmen que como moito ven que se limpen unha vez o anos, cos incómodos e antihixiénicos cheiros e proliferación de insectos que suponen? Vaise instar á empresa para que compra o servizo polo que pagamos toso e todas as veciñas e veciños?= Resposta.- Pedironse explicacións á empresa

5.- Consideramos que o patrimonio desta parroquia merece unha especial protección, pero é obvio que este equipo de goberno non pensa o mesmo. Por qué os lavadoiros e as fontes se deixan deteriorar ata o





Umo Concello de
CAMBADOS

punto de que se convirtan en ruínas?. Cando se vai proceder á limpeza do regato de A Abelleira?.= Resposta.- Iso non é certo. En canto ó regato de A Abelleira, en canto poidamos.

AS PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG.-PSOE, en escrito de data 22.04.2015 (R.E. nº 2015/2481), xa lle foron contestadas persoalmente.

CON RESPECTO ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG.-PSOE, en escrito de data 22.04.2015 (R.E. nº 2015/2482), en relación coas Cámaras de Seguridade.= Resposta.- As mesmas aínda non están activadas.

CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POLA PORTAVOZ DO P.S.deG.-PSOE en escrito de data 22.04.2015 (R.E. nº 2015/2484):

1.- Cal é o motivo polo que o Concello de Cambados non da traslado ó Xuzgado do Contencioso Administrativo número Tres de Pontevedra da documentación requerida por este Grupo Municipal e en concreto da seguinte:= - Acceso ás contas bancarias do Concello.= Resposta.- Xa está enviado.= - Acceso ó rexistro de pegada dixital dos traballadores.= Resposta.- Está encargándose o Asesor Xurídico.= - Acceso ó procedemento de selección de persoal do ano 2006.= Resposta.- Xa se contestou ao Xulgado.= - Copia das sentencias que segundo se di en prensa do 1 de abril constan en posesión do Alcalde, nas cales se lles da a razón archivando, non tendo que seguir entregando copia do rexistro municipal, sabendo que deste xeito, se vai formalizar unha demanda e que o Concello será condenado a pagar en costas, por vulneración dos Dereitos Fundamentais?= Resposta.- Está en posesión do Asesor Xurídico para ser remitido ó Xulgado.

2.- Cal é o motivo polo que o Concello de Cambados non permite o acceso ó expediente de concesión de licencia municipal, solicitada o 16 de abril nin ó expediente de reposición da legalidade ordenado por resolución xudicial no ano 2011, e que a día de hoxe, non se executou, e sobre o cal xa existe Auto de 9 de abril no que se insta persoalmente ó Alcalde para a execución e se lle condea a pagar unha multa coercitiva?= Está iniciado o Expediente de Reposición á legalidade, ó que obriga a resolución do ano 2011?= Resposta.- Está en trámite e en prazo.= Non.

3.- Cal é o motivo pol que o Concello de Cambados non permite o acceso ó Expediente completo de concesión Municipal, sobre o que xa existe sentencia definitiva desde xaneiro de demolición dunha casa construída con licencia municipal e denunciada pola propia Xunta, por estar construída nun solo de Especial Protección no lugar de A Pastora?= Resposta.- Xa se lle informou a vostede do asunto.

4.- Cal é o motivo polo cal o Concello de Cambados non permite o acceso ás adscricións definitivas, que do persoal municipal, se están facendo en base á nova RPT, solicitado o 10 de abril, e con Rexistro de entrada 2015/2183?= Resposta.- Xa se lle informou a vostede do asunto.

5.- Cal é o motivo polo que o Concello de Cambados non executou a Hipoteca prestada como aval, dunha casa situada en Sobradelo, para garantizar as obras de Urbanización na Rúa Atlántico, xa que o prazo venceu dezapito meses despois do seu otorgamento (que foi o 30 de outubro de 2012)?= Resposta.- Porque se está a executar a devandita obra.

6.- Cal é o motivo polo que desde o seu vecemento non se está xenerando un interéz de demora tal e como ven redactado no punto terceiro da Hipoteca outorgada ante Notario, do nove por cento a favor do Concello?= Resposta.- Está pendente.

7.- Cal é o motivo polo que o Concello de Cambados non permite o acceso ó expediente de concesión de licencia municipal, solicitada o 8 de abril con rexistro de Entrada 2015/2087?= Resposta.- Xa foi vostede informada deste asunto.

CONTESTACIÓN AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO PORTAVOZ DO B.N.G., en escrito de data 27.04.2015 (R.E. 2015/2592), en relación co rexistro de entrada número 2815/1186 de 26 de febreiro de 2015, relacionadas coa investigación que o Ministerio de Facenda está a facer con respecto ás inversiones do Plan E no Concello de Cambados.





Ilmo Concello de
CAMBADOS

1.- Que obras realizadas en Cambados, dentro do “Plan E”, están a ser obxecto de investigación en relación con este caso?= Resposta.- Ningunha.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-


O Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas di que saíu en prensa o da auditoría ó Plan E, e que hoxe mesmo publican a adquisición ou cesión dunha ambulancia a Protección Civil e o seu grupo quere coñecer os criterios.

A Concelleira do P.S.deG.-PSOE, Sra. Martínez Piñeiro interesa que se lles remitan as invitacións que se lles deixan no Concello para o seu grupo, toda vez que en moitas ocasións non asisten aos actos porque non as reciben; di tamén que seguen sen ter a documentación de AENOTUR; piden unha sinal/espello para o lugar de As Quintáns, o pintado de pasos de peóns e a limpeza de malezas que proliferan nas cunetas.

E non tendo máis asuntos de qué tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta que asina o Sr. Presidente, de todo o que, eu, Secretario, certifico.-



O PRESIDENTE,



O SECRETARIO

